

PLAN ESTRATÉGICO XUVENIL



SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA

MARCO INTRODUCTORIO

O Marco Introdutorio desde documento baséase en partes extraídas do Plan Extratécnico prorrogado 2016-2022 de Solidariedade Internacional de Galicia (en adiante, SIG), que se consideran imprescindibles para situar á persoa lectora na misión, visión e dirección estratéxico da entidade.

Que somos?

Somos unha asociación de persoas que entendemos a solidariedade como unha forma de ser e estar no mundo.

Apostamos pola erradicación da pobreza e unha redistribución equitativa dos recursos. Cremos firmemente na educación como ferramenta de transformación social e nun modelo económico ao servizo de todas as persoas.

Actuamos de forma sostida, con eficiencia, relevancia e vocación transformadora, promovendo a solidariedade da sociedade galega para un desenvolvemento social compartido cos países do Sur.

Visión

Queremos ser unha entidade recoñecida socialmente polo impacto das nosas accións como xeradoras de cambios positivos nas condicións de vida das persoas.

Queremos ser unha entidade democrática, participada e innovadora, que promove a xustiza social a partir dun traballo coherente e complementario en catro campos de actuación:

- A educación para o desenvolvemento
- O comercio xusto.
- A participación social
- A cooperación internacional

Direccionamento estratéxico

- Focalizar a nosa actuación nestas áreas de intervención: educación para o desenvolvemento, comercio xusto, participación social e cooperación internacional.
- Lograr a autosuficiencia financeira e unha xestión eficiente de ingresos e gastos.
- Manter unha estratexia de comunicación, segmentada e innovadora, en diálogo cos nosos grupos de interese.
- Implantar unha xestión operativa e eficaz, con indicadores de referencia en cada unha das áreas de intervención que nos permitan mellorar continuamente
- Garantir a transparencia e o bo goberno.
- Mellorar a participación das persoas da entidade.

DOCUMENTO PRINCIPAL

Este documento xurde dun proceso de indagación colectiva no que participaron persoas mozas que colaboran en SIG e a equipa técnica.

Trátase de un documento pensado e consensado por e con elas. Os seus sentires sobre que debe ser a participación xuvenil en SIG e como se ten que traballar están expostos a continuación.

Que obxectivos temos con este documento?

Facilitar un **documento pedagógico** que **fomente a creación dun área específica de xuventude (persoas de 14 a 30 anos) en Solidariedade Internacional de Galicia** onde a **participación xuvenil** sea tanto un **medio**, coma un **fin** en sí mesma.

Entendendo:

1. PARTICIPACIÓN XUVENIL como MEDIO: Fomentar a participación da propia mocidade dentro de SIG de maneira que as súas ideas e inquietudes estean representadas dentro da organización.

2. PARTICIPACIÓN XUVENIL como FIN: fomentar proxectos en onde a xuventude sea a protagonista dentro dos ámbitos de SIG (Educación para a Cidadanía Global, Comercio Xusto, Incidencia Política e Cooperación Internacional)

Este plan estratéxico xuvenil tratar de dar resposta aos seguintes retos:

- **Creación dunha área Xuvenil dentro da entidade e dotación de recursos da mesma**, garantindo así a participación da mocidade na entidade de maneira estable e sostida no tempo.

- **Dotación da estrutura necesaria para o fomento desa área Xuvenil**

Un espazo para incluír ás persoas mozas, para aproveitar o seu potencial e a súa paixón, recuperando o caldo de cultivo que foi o orixe da organización.

A filosofía deste espazo de Xuvenil de Participación acorde cos valores de SIG é a seguinte:

- ❖ Un espazo libre onde a xuventude poida expresar sen medo e abertamente o que pensan e senten, o que desexan facer.
 - ❖ Un espazo libre de xuízos, onde as ideas sexan respectadas, onde non exista unha reformulación das propostas da xuventude, respaldo a toma de decisión da mesma (sempre dentro dos ámbitos e valores da organización).
 - ❖ Un espazo onde as persoas novas poidan executar as súas ideas, as súas propostas e as súas propias creacións, como parte do seu exercicio de cidadanía activa.
 - ❖ Un espazo onde a mocidade se sinta apoiada e respaldada.
- **Fomento e promoción, dentro da área Xuvenil, das características recollidas neste documento.**
 - **Asegurar a participación da xuventude nos órganos de decisión da entidade.**
 - **Fomentar o traballo coa mocidade en terreo.**

Que entendemos por participación xuvenil dentro de Solidariedade Internacional de Galicia?

- **Participación xuvenil:**

“Actores e actrices activas (de entre 14 e 30 anos) na transformación do noso entorno, producindo cambios cara aquilo que pensamos e que nos move, entendéndoa, como una forma de xuntarse e incidir na sociedade o comunidade co fin promover eses cambios. Esta participación xuvenil pode vir de calquera sector o en calquera ámbito.”

- **Participación xuvenil dentro de SIG:**

- Un espazo onde como mocidade poidamos estar activas dentro da sociedade, onde se poidan tomar decisións e ter unha visión transformadora (tanto local coma global), é dicir, que se poidan aportar novas ideas que sexan as xeradoras de cambio positivos.
- Un espazo onde “tomar parte” da organización na toma de decisións, na XD, en outras formas de voluntariado e outros procesos da organización, de tal maneira que esta participación sexa sostida e preservada no tempo a pesar dos cambios estruturais da organización.

CARACTERÍSTICAS da participación xuvenil dentro de SIG?

- ❖ **Horizontal:** todas as persoas participantes deben manter relacións simétricas, sen xerarquías.
- ❖ **Crítica:** Froito dunha reflexión individual e colectiva da realidade a través de información contrastada.
- ❖ **Transformadora:** para converternos en motores de cambio acorde co espírito de SIG.
- ❖ **Replicable:** que sexa modelo de referencia para a mocidade en xeral.
- ❖ **Proactiva:** que a mocidade se involucre en dar ideas e en desenvolvelas..
- ❖ **Motivadora:** que sexa un espazo que recolla as inquedanzas da xuventude e lles dea saída.
- ❖ **Positiva:** pensando sempre que o cambio é posible.
- ❖ **Real:** un espazo xuvenil onde as propostas aprobadas estean dotadas cos recursos suficientes e necesarios.
- ❖ **Afectiva:** creando vínculos entre as persoas do grupo, entre as persoas e as súas motivacións e coas persoas coas que se traballa.
- ❖ **Sistematizada:** onde as experiencias queden sistematizadas e rexistradas con vistas á replicabilidade.

- ❑ **CARA O INTERNO:** Mocidade que está en SIG ou que chama á nosa porta.

- ❑ **CARA O EXTERNO:** Mocidade da órbita de SIG, é dicir, persoas novas coas que traballamos e que poden interesarse pola participación xuvenil.

- ❑ **CARA O GLOBAL:** Mocidade en terreo, xuventude do Sur

RESULTADOS da intervención segundo os eixos

R.1. CARA O INTERNO	<ul style="list-style-type: none">➤ R.1.1. Proporcionado o espazo físico e emocional necesario para desenvolver as iniciativas desexadas pola mocidade.➤ R.1.2. Proporcionados os recursos necesarios para desenvolver as iniciativas desexadas pola mocidade.➤ R.1.3. Proporcionado o acompañamento necesario para desenvolver as iniciativas desexadas pola mocidade.
R.2. CARA O EXTERNO	<ul style="list-style-type: none">➤ R.2.1: Concienciadas e sensibilizadas as persoas novas da órbita de SIG.➤ R.2.2: Creada unha pasarela que permita as persoas motivadas transitar a outros niveis de implicación.➤ R.2.3: Creados mecanismos internos e externos que canalicen as ansias de activismo nesta mocidade.
R.3. CARA O GLOBAL	<ul style="list-style-type: none">➤ R.3.1: Detectadas necesidades e inquiredanzas propias da mocidade en terreo, para o desenvolvemento de proxectos con xuventude co obxectivo de mellorar as súas oportunidades.➤ R.3.2: Creados campos de acción xuvenil en terreo.➤ R.3.3: Fomentados encontros entre mocidade local e mocidade en terreo.

- Educación para a Cidadanía Global.
- Comercio Xusto.
- Incidencia Política.
- Cooperación Internacional.